



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE TERRAS DO AVIA PARA A REHABILITACIÓN E POSTA EN VALOR TURÍSTICO DE CONTORNAS NATURAIS MEDIANTE A CREACIÓN DA REDE DE CIRCUITOS WORKOUT O RIBEIRO- O CARBALLIÑO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Mancomunidad Terras do Avia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidad Terras do Avia para a rehabilitación e posta en valor de contornas de interese paisaxístico a través da creación da rede de circuitos workout do xeodestino O Ribeiro-O Carballiño.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.





Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Cuarto.- A Mancomunidade Terras do Avia preténdese a Rehabilitación de contornas naturais mediante a creación da Rede de Circuitos Workout O Ribeiro -O Carballiño.

Selección de catro espazos de interese natural, preto das principais vilas para a súa integración como recursos turísticos mediante a conversión dos mesmos en espazos para o turismo activo e de saúde coa creación dun circuito workout.

Os lugares nos que se intervirá son O Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro, concellos integrantes, como se dixo, da mancomunidade Terras do Avia, en concreto:

-Contorno do río Arenteiro, O Carballiño.

-Contorno do ría Avia na Veronza, Ribadavia.

-San Clodio - Contorna do río Avia en Leiro.

-Zona do contorno do Colexio Público, en Boborás.

O xeodestino O Ribeiro-O Carballiño ten un dos seus principais posicionamentos turísticos no mercado do turismo de saúde polo seu potencial en termalismo. Esta iniciativa pretende reforzar o produto de turismo de saúde mediante circuitos deportivos que diversifiquen e complementen a oferta máis alá do recurso principal –os balnearios e spas-, ofrecendo un aproveitamento activo e deportivo da contorna natural.





O obxectivo do proxecto é a rehabilitación e posta en valor de contornas de interese paisaxístico a través da creación da rede de circuitos workout do xeodestino O Ribeiro - O Carballiño. O workout é unha modalidade de adestramento deportivo ao aire libre. Está dirixido a todos os públicos; trátase dunha actividade que pretende ofrecer, mediante equipamentos diversos, a posibilidade de traballar diversos grupos musculares, favorecendo un exercicio máis completo –e complementario- que o sendeirismo e o running. O equipamento escollido de workout pode asociarse ao concepto calistenia, modalidade deportiva con exercicios que empregan o propio peso corporal como eixo do esforzo físico.

O concepto de Rede permite crear unha oferta conxunta que cree no xeodestino un paquete único de actividade e facilitar a mobilidade dos turistas, en particular daqueles que veñen atraídos pola oferta de benestar (termas, balnearios e spas). Estes establecementos, así como os aloxamentos e empresas de turismo activo son tamén beneficiarios -ao poder incluír a rede de equipamentos na súa promoción- ao tempo de seren os principais prescribidores ante os potenciais usuarios.

Quinto.- O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega.

Tres son os retos da estratexia de Turismo 2020 e once as súas liñas estratéxicas.

O Reto 1.- Aproveitar o potencial dos recursos naturais de Galicia, que permiten construír un destino único e diferencial, artellado ó redor dunha Marca: Galicia. A sustentabilidade do destino será o fío condutor na construción das liñas estratéxicas que se contemplan:

- Paisaxe, recursos naturais e sustentabilidade.
- Valores diferenciadores e o seu potenciamento
- A mobilidade turística
- Os camiños de Santiago como dinamizadores do país

A súa vez, a liña estratéxica 2 ten por obxecto os valores diferenciadores e a súa potenciación, e nela establécese que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia,





xerando a dimensión turística da marca. A enogastronomía como recurso transversal, como parte tamén do noso acervo cultural, no que os produtos de proximidade forman a base na que traballa unha cociña cada vez mais recoñecida internacionalmente. Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

Son obxectivos estratéxicos desta liña:

1. Singularización dos nosos valores diferenciadores
2. Impulso da enogastronomía galega.
3. Impulso do turismo termal.

Que a través deste convenio, outórgase á Mancomunidade Terras do Avia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

